

INFORME DIRECTOR TÉCNICO: 2011 - 2012

Nesta nova etapa que iniciamos na Área Arbitral da Federación Galega de Baloncesto un dos nosos principais obxectivos foi integrar a arbitrase como unha parte máis do noso deporte, que nos recoñezan e sintámonos como deportistas e como o terceiro equipo na pista.

Neste sentido, intentamos estreitar os lazos co resto de compoñentes que participan do baloncesto e compartir puntos en común para un beneficio mutuo.

Seguimos avanzando no uso das ferramentas informáticas na formación dos nosos árbitros. Incrementamos o uso da nosa páxina web galicia.clubdelarbitro.com (con designacións, noticias, aloxamento de artigos técnicos, etc..) e a presenza de noticias do mundo arbitral en www.fegaba.com.

Do mesmo xeito, a canle da FGB en youtube foi empregada como vehículo fundamental na unificación de criterios arbitrais.

Aumentamos a presenza dos nosos árbitros nos Campionatos de España, tanto de seleccións como de clubs. E tivemos presenza dos nosos representantes en competicións nacionais de renome (semifinais de LEB Ouro, Copa do Rei, etc..) e internacionais (Eurobasket, competicións FIBA Europe de clubs e Euroliga).

A nivel autonómico incrementáronse o número de cursos de captación arbitral e avanzamos na organización de nove Xornadas Técnicas de Formación e Avaliación dos nosos árbitros tanto en competicións oficiais como nas amigables. O Clinic de Nadal foi un éxito, tanto pola participación como pola calidade dos relatores.

No relativo aos Oficiais de Mesa organizáronse actividades específicas para unificar o seu traballo, tal como faise cos árbitros.

Aínda nos queda moito por traballar, avanzar e mellorar e xa estamos en marcha para preparar a planificación da próxima tempada na que profundaremos máis na unificación e potenciación do traballo que se realiza nos Comités Zonais.

Estamos moi satisfeitos do traballo realizado cos árbitros máis novos e coa representación feminina no noso Comité e, ao mesmo tempo, valoramos e moito, a profesionalidade que están achegando os nosos veteranos, dando un exemplo para o resto.

Miguel Angel Pérez Pérez
Director Técnico CGAB-